

III PREMIO ATENEIO CINEDUCA BASES

- 1.- Poderán participar todos os centros educativos non universitarios de Galicia.
- 2.- As obras terán unha duración aproximada de entre 15 e 30 minutos, incluídos títulos de crédito, e tratarán, en xeral, temas relacionados con experiencias educativas ou procesos de aprendizaxe. Valorarase positivamente a utilización da lingua galega.
- 3.- Recoméndase que as pezas presenten unha ratio 16:9 ou 4:3 (gravación horizontal) e deberán ter unha resolución HD (1280 x 720 píxeles), ou ben Full HD (1920 x1080), que a maioría de equipos de gravación xa incorporan por defecto.
- 4.- Cada centro poderá presentar un máximo de dúas obras.
- 5.- Para facer chegar as pezas enviarase un enlace privado ao enderezo electrónico do Ateneo de Santiago: ateneo@ateneodesantiago.gal

No corpo do correo electrónico achegaranse os seguintes datos:

- Nome do centro educativo
- Título da obra presentada
- Nome do docente que titorizou o grupo de traballo (será o interlocutor)
- Nivel educativo do equipo técnico e artístico integrante
- Unha sinopse de ata 500 caracteres
- Duración da peza

- 6.- O prazo para o envío das obras remata o 17 de febreiro de 2024.
- 7.- As obras recibidas serán obxecto de selección a cargo dunha comisión composta polo presidente do Ateneo de Santiago, ou persoa en quen delegue, e outras seis persoas vinculadas á educación e/ou ao audiovisual.

- 8.- No caso de ser elixida para a súa exhibición na sesión de entrega de premios, o centro deberá achegar unha copia dixital mp4.
- 9.- Establécese un primeiro premio dotado con mil euros e dous accésits de cincocentos, que os centros educativos deberán dedicar a equipamento audiovisual. Poderán establecerse mencións e premios especiais en base á creatividade e/ou aos valores presentes no traballo.
- 10.- O fallo do xurado será inapelable e a participación implica a aceptación destas bases.
- 11.- As obras premiadas poderán ser divulgadas polo Ateneo de Santiago e non xerarán dereitos de autor.

Santiago de Compostela, novembro de 2023